

BIBLIOGRAFÍA

- Cal, A. (2007). *Este camiño que fixemos xuntos*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Marco, A. (2002). *Mulleres e educación en Galiza. Vidas de mestras*. A Coruña: Edicións do Castro.
- Escola Rosalía de Castro Asociación. Recuperado de <http://escolarosaliadecastro.edu.es/>
- Imaxes de Antía Cal recuperadas de:
 - Portada:
<http://www.farodevigo.es/gran-vigo/2009/07/25/sentias-sola-desierto-educativo/352082.html>
 - Biografía:
http://www.editorialgalaxia.es/autores/autor.php?id_autor=794

Material elaborado por:

ALBA GARCÍA PICO

Colaboran:



**Observatorio
da Mariña
pola Igualdade**



**CONCELLO
DE MURAS**

ANTÍA CAL, educando iguais



Antía Cal é unha destacada figura da Didáctica e da Pedagogía, ademais de ser unha muller pioneira que loitou pola igualdade e pola coeducación en tempos difíciles.

“As miñas cavilacións diciánme que non había centros para educar con xeito as novas xeracións, que se estaban facendo mal as cousas, que estabamos estragando os mellores anos dos nenos, e que por tanto existía unha oportunidade para min, e para as miñas ideas, no medio de todo aquilo”

A continuación tedes unha breve biografía súa. Antes de comezar a lela, marcade, en parellas, se credes que as seguintes informacións sobre a súa vida son verdadeiras ou falsas. Despois de ler o texto, corrixide as que sexan falsas, explicando por que o son.

	V	F
Naceu e viviu en Lugo		
É autora de varios libros		
Durante as súas viaxes por Europa adquiriu coñecementos sobre Química		
Fundou a súa propia escola, que se caracterizou por impartir un ensino tradicional		



Antía Cal naceu na Habana en 1923, filla de emigrantes galegos en Cuba, Vicenta e Xosé, naturais de Muras. Alí, escolarizouse no Centro Galego. Gustáballe asistir á escola, así como xogar coas súas amigas no parque e ver películas nun cine que rexentaba outro veciño galego seu. Cando Antía tiña nove anos, a súa nai volveu canda ela e mais o seu irmán pequeno para Galiza. Na localidade de Muras, xuntáronse co resto da familia e mais co seu irmán maior, que quedara ao cargo dos seus avós. Cursou o bacharelato no colexio Dequidt da Coruña.

Estudou Maxisterio, Peritaxe Mercantil e tamén Filosofía e Letras (Xeografía e Historia, en Santiago de Compostela), carreira que rematou con premio extraordinario. En 1946 seu pai volveu de Cuba.

En 1947 casou con Antón Beiras García, un recoñecido oftalmólogo e galeguista de Santiago e xuntos tiveron catro fillas e fillos: Hixinio, Antía, Antón e Beatriz. Ela e mais o seu marido viaxaron por toda Europa, el para asistir a congresos médicos e aproveitando ela as viaxes para seguirse formando e establecer contacto e intercambios con importantes personalidades do ámbito da educación, como a directora de Educación da UNESCO.

En 1961 fundou o Colexio Rosalía de Castro en Vigo, que foi senlleiro en moitos aspectos: na metodoloxía empregada (Antía introduciu prácticas pedagóxicas progresistas, inspiradas na asociación catalá Rosa Sensat, en tempos de totalitarismo); en ser, xa na época, mixto; na educación plurilingüe (castelán, inglés... Durante a ditadura non era posible impartir aulas en galego, mais esta si era lingua de comunicación habitual fóra das aulas); na relación familia-escola... A pesar de ser un centro privado, ofrecía unha educación ao alumnado de todas as clases sociais, grazas a un pequeno sistema de bolsas creado dentro da propia escola.

Antía foi unha muller valente e pioneira en moitos ámbitos: ao ser unha das primeiras mulleres universitarias na Galiza da ditadura; na pedagogía que seguía ou no compromiso coa nosa cultura (empregaba o galego nun ambiente urbano durante unha época en que estaba prohibido; colaborou activamente no xurdimento da editorial Galaxia; preocupouse por achegar a figura de destacadas personalidades galegas ao alumnado...).

Xubilouse en 1988, tendo recibido desde aquela numerosos galardóns. Tamén é escritora: a ela corresponde a autoría de varios libros inéditos, como *O libro dos nenos*, *Enciclopedia pro neno galego* ou *O arte para os nenos*.

Despois de ler esta biografía, cales credes que foron as principais dificultades ás que tivo que sobrepoñerse ao longo da súa vida? E as experiencias máis gratificantes para ela?

Antía Cal foi unha das poucas mulleres que foi á universidade durante a ditadura de Franco. Investigade que mulleres da vosa contorna cursaron estudos universitarios: que estudaron? Credes que hai diferenzas na escolla de carreiras entre rapazas e rapaces? En caso de resposta afirmativa, a que pensades que son debidas?

Antía puido dedicarse a aquilo que máis lle gustaba, sendo unha personalidade destacada no ámbito da Pedagogía e facendo grandes esforzos para poder inaugurar o colexio, así como para conciliar a súa vida persoal e laboral. Na actualidade, un dos obstáculos con que se encontran as mulleres traballadoras para ocupar cargos de responsabilidade é o denominado *teito de cristal*. Sabedes en que consiste? Se non é así, procurade unha breve explicación e despois, en grupos, argumentade cales poden ser as súas causas.

No Colexio Rosalía de Castro, cada aula levaba o nome dunha persoa eminente ou de colectivos representativos da nosa cultura. Aquí tes algúns exemplos: Ánxel Casal, Celso Emilio Ferreiro, Ramón María Aller, María Montessori, Bertrand Russell, Alexandre Bóveda, Irmandiños, Concepción Arenal, labregos, mariñeiros... Agora imos intentar aumentar o número de mulleres nesta listaxe. En pequenos grupos, buscade información sobre unha muller (ou colectivo de mulleres) que destacase nalgún aspecto concreto e, tal e como facía Antía, elaborade un breve texto coa información máis importante relativa ás súas vidas, acompañado dunha foto. Podedes, por último, elaborar un mural con todas elas e penduralo no corredor. Tamén podedes poñerlle o nome dunha delas á vosa aula.

Agora que vos tedes achegado máis á figura de Antía Cal, que aspectos sobre a súa persoa vos chamaron máis a atención? Que destacaríades do seu legado?